

{youtube width="250" height="200"}BOjItcSVnKo{/youtube}

A segunda andaina pola Serra do Galiñeiro convocou cerca de 2000 persoas que reclamaron a protección deste espazo natural e a súa inclusión dentro do Parque Natural Monte Aloia, o pasado domingo 18 de setembro. Algo máis da metade dos concorrentes participaron dunha percorrida de dez quilómetros pola serra. O resto dos participantes esperou a chegada dos camiñantes para participar da lectura dun manifesto a cargo de Xosé Luis Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega, na que salientou a necesidade de protexer este patrimonio natural por parte das administracións galegas.

Polbo preparado na propia serra e pratos achegados polos participantes, vestiron unha festa gastronómica que se prolongou ata a tardiña. Animaron o encontro a charanga A vaca pinta e o Coro Tradicional Cantares do Brión.

No transcurso da xuntanza non só expresouse o rexeitamento ao previsto parque eólico (en fase de tramitación na Xunta de Galicia), senón tamén o reclamo de ampliación do Parque Natural do Monte Aloia, para que inclúa a Serra do Galiñeiro na Rede Natura 2000. No manifesto lembrouse que fai tres anos o conselleiro de Medio ambiente e os alcaldes da zona anunciaron dita ampliación. «Foi unha declaración baleira», afirman, á vez que recordan que a día de hoxe só os concellos de Vigo e Porriño clasifican nos seus plans urbanísticos as súas respectivas partes de serra como chan rústico de protección de espazos naturais.

A defensa do patrimonio xeolóxico, etnográfico e biolóxico do Galiñeiro, así como as numerosas pegadas que aínda amosan a presenza humana dende épocas prehistóricas foron algúns dos valores que a Plataforma Pola Defensa da Serra do Galiñeiro, salientou como bases das reivindicacións. A utilización da serra como parque industrial, advertiron, poñerá en perigo tesouros como o conxunto de petróglifos de Agua da Laxe (Vincios) e as mámoas de Chan das Moutas (Prado, Morgadáns). Esta intervención tamén prexudicaría actividades das comunidades de montes locais, como a explotación silvícola, gandeira, micolóxica, etc., informouse durante a xornada.

### **Cobertura da prensa escrita:**

[La Voz de Galicia](#)

[El País](#)

[Prema aquí para ver o album de imaxes](#)